

Ricardo Carballo Calero medrou en Ferrol, rematou o bacharelato na Coruña e en 1926 marchou estudar Dereito e Filosofía a Santiago de Compostela, onde mantivo unha intensa actividade intelectual e política: entrou axiña en contacto co galeguismo artellado arredor do Seminario de Estudos Galegos —do que chegou a ser secretario xeral— e cultivou un estreita relación con Vicente Risco, Castelao, Ramón Otero Pedrayo e outros mestres da Xeración Nós. Nesta etapa redactou un manifesto sobre a galeguización da universidade (subscrito, entre outros, por Álvaro Cunqueiro ou Francisco Fernández del Riego) e participou na fundación do Partido Galeguista e no proceso de redacción do Estatuto de Autonomía para Galicia. Dos anos de mocidade son ademais as súas primeiras obras literarias, os poemarios *Vieiros* (1931), o seu primeiro libro en galego, e *O silencio axionllado* (1934).

A guerra civil estopou cando preparaba en Madrid as oposicións á cátedra de bacharelato, despois de acadar unha praza de funcionario no seu concello natal. Loitou no bando republicano, como miliciano primeiro e logo como tenente, e en 1939 foi detido e condenado a prisión. Dous anos despois foi posto en liberdade, pero prohibíuselle ocupar cargos públicos. Empezaría daquela unha etapa dedicada ao ensino privado que o levaría en 1950 a fixar a súa residencia en Lugo para dirixir o Colexio Fingoi, mentres restablecía relacións co galeguismo que non se exiliara. Ese mesmo ano fundábase a Editorial Galaxia, un proxecto co que colaborou activamente. Participou na primeira xeira da Colección Grial e foi membro do consello de redacción e constante colaborador da revista *Grial* desde a súa saída en 1963 ata 1989, pouco antes do seu pasamento.

No ámbito académico, en 1954 doutorouse en Madrid coa tese *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. En 1958 ingresou como membro de número da Real Academia Galega, co discurso titulado *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*, e máis adiante sería o redactor, xunto a Ramón Piñeiro, das primeiras normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas por esta institución (1970-71). En 1965 incorporouse como profesor interino á Universidade de Santiago de Compostela, da que foi o primeiro docente das materias de Lingua e Literatura Galegas, que se acababan de introducir como optativas nos programas universitarios; e en 1972 converteuse no primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas, posto do que se xubilou no ano 1980. Durante as últimas décadas da súa vida mantivo unha intensa actividade como articulista e colaborador en prensa, residindo de xeito permanente en Santiago de Compostela, onde faleceu en 1990. O seu labor foi recoñecido nestes anos dentro e fóra de Galicia. En 1981 foi nomeado membro da Academia das Ciencias de Lisboa e en 1984 recibiu a Medalla Castelao.

Da creación ao estudo da literatura

A obra de creación literaria de Carballo Calero transita os diversos xéneros canónicos e suma uns vinte libros. Como narrador publicou *A xente da Barreira* (1951) —premio Bibliófilos Gallegos e primeira novela en galego da posguerra, cunha historia centrada nunha saga fidalga do rural—, *Scórpido* (1987) —na que retrata a xeración dos vencidos na guerra civil e considerada en certos aspectos autobiográfica— e relatos curtos. Tamén cultivou a poesía, con títulos como *Vieiros* (1931), *O silencio axionllado* (1934), *Anxo de terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952), *Salterio de Fingoy* (1961), o volume antolóxico *Pretérito imperfecto* (1980), *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986) ou *Reticências* (1990). Igualmente, fixo achegas á literatura galega como dramaturgo: *Catro pezas: A sombra de Orfeo, Farsa das zocas, A arbre, Auto do prisioneiro* (1971), *Teatro completo* (1982).

Na súa extensa produción destacan os seus estudos sobre a literatura, que con frecuencia atravesan as fronteiras entre os xéneros didáctico e ensaístico. Entre as súas importantísimas contribucións á historiografía literaria sobresa a erudita *Historia da literatura contemporánea galega* (1963), o esforzo de sistematización da nosa literatura máis ambicioso e significativo da segunda metade do

século XX. Nos estudos que publicou na década de 1970 sobre diversos autores salientan os que lle dedicou a Rosalía de Castro, coa edición da súa poesía e análises da lingua e da obra literaria da poeta (*Estudios rosalianos*, 1979). Unha parte deses traballos están recollidos en colectáneas como *Libros e autores galegos* (2 vols., 1979 e 1982), *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989) e *Escritos sobre Castelao* (1989). Foi tamén moi relevante a súa actividade como conferenciante e articulista, incluso nas páxinas da prensa diaria, arredor de asuntos de índole filolóxica ou cultural. Recolleitas de traballos deste tipo atópanse nos volumes misceláneos *Umha voz na Galiza. Artigos de Jornal (1933-1989)* (1992) e *Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación* (2010).

Carballo Calero é ademais autor da *Gramática elemental del gallego común* (Galaxia, 1966), manual de referencia para as primeiras xeracións de estudantes de lingua galega e que atinxiu unha gran difusión, ata chegar ás sete edicións. A de 1979, a derradeira, ten cambios importantes na ortografía e en escollas léxicas e, sobre todo, morfolóxicas a raíz do cambio na concepción de Carballo sobre o que debería ser o galego culto, xa que desde mediados da década dos 70 pasou a defender a adopción dunha ortografía próxima á portuguesa para o galego e a aceptación do portugués como referencia fundamental do galego estándar. A partir desas datas empeza a asinar como Ricardo Carvalho Calero. Os seus traballos lingüísticos e a exposición e propostas de orientación reintegracionista foron recollidos en volumes como *Problemas da Língua Galega* (Lisboa, 1981), *Da fala e da escrita* (1983) e *Do galego e da Galiza* (1990).

https://academia.gal/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/o-dia-das-letras-galegas-de-2020-estara-dedicado-a-ricardo-carballo-%5Bcarvalho%5D-calero?redirect=https%3A%2F%2Facademia.gal%2Fnovas%3Fp_p_id%3D101_INSTANCE_E4jf%26p_p_lifecycle%3D0%26p_p_state%3Dnormal%26p_p_mode%3Dview%26p_p_col_id